


Menos do 10% dos accidentes cuxa baixa durou tres ou máis meses cualificouse inicialmente como graves

Claramente no Estado español existe unha infradeclaración endémica de accidentes graves que inicialmente son calificados como accidentes leves por mutuas e empresas como unha forma deludir sancións e responsabilidades pola falta de prevención.

O incremento da información sobre a duración da baixa que duns anos a esta parte incorporouse á estatística oficial permite aos mortais ordinarios que non temos acceso ás bases de datos completas facer notables descubrimentos.

Por exemplo, que a cualificación de “grave” a un accidente outórgase cun nivel de esixencia realmente notable, como mostra o gráfico seguinte, no que se indica a porcentaxe de accidentes cuxa baixa durou realmente tres ou máis meses, aos que se asignou inicialmente a cualificación de grave, para os distintos tipos de lesión contemplados.

Porcentaxe de accidentes de traballo en xornada con máis de tres meses de baixa que son cualificados como graves. 2019



Para a totalidade dos accidentes cuxa baixa durou tres ou máis meses, só o 9% foron cualificados de graves. Para os infartos e outras patoloxías non traumáticas, só o 60% daqueles cuxa baixa foi de tres ou máis meses cualificáronse como graves. Para as fracturas, só o 15%.

O máis sorprendente, con todo, é que a estas alturas non se dispoña aínda dun sistema oficial de cualificar a gravidade, unha necesidade absolutamente obvia e urxente.

Fonte: Prevencionintegral&ORP